

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 20 DE XULLO DO 2020.****Sesión 06/2020-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Rebeca Mouriño Neira D^a Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto D^a María Soraya Salorio Porral D^a María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Coteló D^a María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D^a Isabel Reimúndez Suárez D^a Laura Rodríguez Pena D^a María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIO ACCTAL.</u></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día luns 20 de xullo do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario acctal. da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen da fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este primeiro Pleno presencial do Concello de Sada logo do estado de alarma e da crise sanitaria da COVID-19 (que di que aínda se está a vivir dende puntos moi próximos, polo que hai que estar moi pendentes, e irá informando das novidades que traslade para os efectos o Sergas), convocado ante a solicitude conxunta dos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais Socialista e do Partido Popular e tamén nesta data á súa petición.

ÚNICO.- PROPOSTA DE ACTUACIÓNS CON RELACIÓN AO EDIFICIO “O NÁUTICO”.

A proposta, ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa Xeral na súa sesión núm. 5/2020, do 22 de xuño, recolle:



<<PRIMEIRO.- Iniciar a tramitación para a celebración dunha consulta popular decisoria e coas debidas garantías en relación ao futuro do edificio “Náutico”, na que a veciñanza exprese o seu desexo á conservación do edificio logo da súa adaptación á legalidade para uso de interese municipal ou pola contra exprese o seu desexo á eliminación do edificio.

SEGUNDO.- Paralización do derrubamento e de calquera outra decisión e acción con respecto ao futuro do edificio “Náutico” ata que non se teña realizada e escrutada a consulta.

TERCEIRO.- Facultar e encomendar ao Alcalde para a realización de todos os trámites necesarios para levar a cabo o acordo, incluída a modificación do PXOM se fose precisa como consecuencia da consulta>>.

Defende inicialmente a proposta a sra. Pardo (PSOE), incidindo en que dende que se falou no Pleno do edificio do “Náutico” en setembro de 2018 o BNG mudou a súa firme posición de recuperación do edificio e que hai unha nova formación política (AV) que dicía que estaba máis por manter que por destruír, pero que fóra diso a situación considera que segue a ser a mesma, describindo que é un exemplo do que no se debe facer pero que está feito, cunha sentenza de nulidade de licenza de 1999, un rescate da concesión por 37.000 euros de todos os sadenses do ano 2015 e unha condonación da débeda por falta de pagamento do canon que superaba os 150.000 euros tamén de todos os sadenses; expón exemplos de propostas que presentaran para posibles novos usos do que en definitiva di que é un edificio municipal inutilizado, que o grupo municipal Socialista ten o convencemento de que Sadamaioría (SM) é unha formación que non xestiona e que non ten ideario pero si símbolos e que a demolición deste edificio é o que é para SM pero só para SM, non para o resto das forzas políticas maioritariamente apoiadas nas eleccións polos sadenses que levaban nos seus programas manter o edificio e recuperalo para fins sociais, polo que instan a que se faga unha consulta popular para os efectos de coñecer a opinión actual da veciñanza, xa que a sentenza non é motivo bastante posto que non obriga a derrubalo por completo.

Deseguido, o Presidente dá conta de que hai unha emenda presentada hoxe conxuntamente polos tres grupos municipais que conforman o Goberno Local (SM, BNG e AV), que di que basicamente recolle o acordo de goberno asinado en xuño do ano pasado, á que lle dá lectura e que literalmente reproducése a continuación:

<<D. Xosé Fernando Fariña Andrade voceiro do Grupo Municipal Sadamaioría, Isabel Reimúndez Suárez voceira do Grupo Municipal BNG Sada e María Nogareda Marzoa voceira do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños ao abeiro do artigo 52 do ROM presenta a seguinte,

EMENDA Á TOTALIDADE DA PROPOSTA DE ACORDO nos seguintes termos:

O bordo litoral de Sada precisa de reordenación, acondicionamento e accesibilidade, a posta en valor para unha mellor integración litoral-espazo urbanizado, e unha recuperación dos valores ambientais e paisaxísticos, polo que é necesaria a redacción dun estudio de detalle de todo o bordo litoral.

Unha vez se proceda á demolición do actual edificio do Náutico, determinar, no marco dese estudio de detalle, cos procedementos de información e participación pública, os usos da parcela, incluídos, no seu caso, os complementarios ás dotacións que poidan localizarse no ámbito.

Asemade, estudiarase a viabilidade urbanística e económica da execución dunha área de piscinas descubertas no ámbito do actual sistema xeral de espazo libre>>.

Ábrese o debate, coas intervencións da sra. Nogareda, do grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV), que se remite ao contido da emenda; sra. Reimúndez (BNG), quen explica que a emenda que se presenta é exactamente o que o BNG asinou no pacto de goberno hai máis dun ano; sra. Pardo (PSOE), quen insiste en que os representantes do BNG mudaron de opinión; sra. Salorio (PP), quen centra a atención na súa exposición en que o motivo deste Pleno é tratar de salvar ao edificio “Náutico” a través dunha consulta popular por considerar que non hai neste momento un apoio suficiente que lexitime a decisión do derrubamento e a importante perda económica que supón; sr. Fariña (SM), quen defende a posición do seu grupo con base no seu programa, nos resultados electorais e nos acordos acadados democraticamente con outros grupos.

O Presidente intervén facendo un percorrido histórico no que atinxe a este edificio e ás súas distintas posibilidades de encaixe legal desbotadas con anterioridade, o seu deterioro polos moitos anos de inactividade que encarecen a posibilidade da súa nova posta en valor, a necesidade de recuperar un espazo eliminando algo que nunca debeu existir e que a maiores de todo o anterior é tamén un símbolo.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000007

Volven facer uso da palabra a sra. Nogareda(AV), a sra. Reimúndez (BNG), a sra. Pardo (PSOE), a sra. Salorio (PP) e o Presidente (SM), dando de ser o caso réplicas ou ampliando a defensa da posición dos seus respectivos grupos, mesmo con base no que indican os informes técnicos e as decisións xudiciais para os efectos.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

A continuación procédese á votación da emenda presentada, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: 7 (5 PP, 2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

O bordo litoral de Sada precisa de reordenación, acondicionamento e accesibilidade, a posta en valor para unha mellor integración litoral-espazo urbanizado, e unha recuperación dos valores ambientais e paisaxísticos, polo que é necesaria a redacción dun estudio de detalle de todo o bordo litoral.

Unha vez se proceda á demolición do actual edificio do Náutico, determinar, no marco dese estudio de detalle, cos procedementos de información e participación pública, os usos da parcela, incluídos, no seu caso, os complementarios ás dotacións que poidan localizarse no ámbito.

Asemade, estudarase a viabilidade urbanística e económica da execución dunha área de piscinas descubertas no ámbito do actual sistema xeral de espazo libre.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 58 minutos do día luns 20 de xullo do 2020, do que como secretario acctal. dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.